

Transformamos os residuos en recursos



Entrevistamos a...



José A. Álvarez Alcoba
Jefe del Área Técnica de Sogama

“Medioambientalmente, la valorización energética es una tecnología segura”

[Ler máis...](#)



Alexánder Doval
Alcalde de Oroso

“Nuestro objetivo es convertir a Oroso en un referente de concello verde”

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez
Presidente de Sogama

25 anos ao servizo de Galicia

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Galicia terá unha planta pública para xestionar residuos téxtiles en Cerceda



A Xunta, a través de Sogama, adxudicou recentemente á UTE Espina Obras Hidráulicas-Setec Building a obra e a xestión integral da instalación, que conta coa

alianza da téxtil Arroupa, entidade de economía social cunha contrastada experiencia na xestión desde tipo de residuo.

[Ler máis...](#)

Actualidade

Sogama lanza a campaña “Separa. Depende de ti” para mellorar a reciclaxe cidadá

Máis de 70 concellos fan balance da xestión dos residuos municipais nun encontro en liña promovido por Sogama

Sogama impulsa a dixitalización coa nova plataforma TRAZA para facer un seguimento da rastrexabilidade dos residuos

[Ler máis...](#)

Multimedia

Separa. Depende de ti



25 anos do Complexo Medioambiental de Sogama



1st AEVERSU Summit



[Ver máis...](#)

Eventos

Sogama defende a valorización enerxética como pilar da economía circular

Javier Domínguez destacou en Ibiza a experiencia de Sogama en compostaxe

[Máis eventos...](#)

Curiosidades

Posta en marcha da Oficina de Economía Circular Municipal

2024, o primeiro ano natural en superar o límite dos 1,5 °C respecto da era preindustrial

[Máis curiosidades...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Macedonia de froitas e tomate

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



www.sogama.gal

Editorial



25 anos ao servizo de Galicia cunha infraestrutura en constante evolución

O Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda (A Coruña) cumpriu 25 anos de actividade. Un itinerario con máis de 9.000 días de dedicación e esforzo no que esta infraestrutura demostrou con fartura a súa fortaleza, así como a súa capacidade de adaptación a crises, retos, tecnoloxías de última xeración e obxectivos que case semellaban imposibles de cumprir. Aquel 20 de xaneiro do ano 2000, cortábase a cinta e despregábase a cortinilla dunha placa que daba o pistoletazo de saída a un proxecto apoiado pola Unión Europea, aínda que moi contestado socialmente por determinados grupos de axitadores, e que marcaría un antes e un despois en Galicia, permitindo o peche e clausura de 300 vertedoiros municipais incontrolados. A día de hoxe, 295 concellos de toda a comunidade (o 94% do total), e que aglutinan a máis de 2,2 millóns de habitantes, tratan os seus residuos nun Complexo industrial referente en Europa e dotado con maquinaria específica para recuperar aqueles residuos reciclables que, por erro, chegan a Sogama, e para valorizar enerxeticamente, é dicir, para transformar en enerxía eléctrica, os non reciclables, evitando o seu depósito en vertedoiro, a opción máis contaminante.

Ao longo dos anos introducimos neste Complexo melloras de calado para lograr unha xestión máis sostible e eficiente dos residuos, plenamente respectuosa coa contorna e a saúde das persoas, comprometida coa innovación e a economía circular, e, por suposto, co emprego estable. Aqueles que anunciaron a apocalipse co nacemento de Sogama, puideron comprobar por si mesmos que todo continúa igual ou mellor. A mellor defensa deste sistema público foi o tempo. O paso dos meses e anos permitiron comprobar o gran salto do municipio de Cerceda a nivel industrial, económico e de emprego, pero tamén a riqueza da súa contorna natural, que segue intacta para goce da poboación, con parques para os seus nenos, terras fértiles para os seus agricultores e pastos esplendorosos para o seu gando. A modo de exemplo, dicir que as vacas, que non víron modificada a súa fisionomía, en contra dos agoiros dalgúns catastrofistas, seguen campando ás súas anchas á beira das instalacións de Sogama, tal e como facían outrora. Pero, ademais de todo iso, esta infraestrutura permitiu colocar a Galicia entre as comunidades españolas que menos verten e que máis valorizan, sendo o seu

obxectivo converter os residuos en recursos, plenamente consciente da necesidade de limitar o consumo das escasas materias primas virxes. É que a nosa comunidade soubo ver na protección do medio ambiente unha oportunidade para a calidade de vida da cidadanía, así como para o crecemento, o progreso e a creación de postos de traballo. Sogama, sempre en constante evolución, é un dos paradigmas desta firme aposta por un futuro sostible. Aínda queda moito por facer. Novas competencias e novos desafíos espéranos: o residuo téxtil e a transformación dixital, os nosos próximos pasos.

[Editorial en castelán](#)

Presidente

Javier Domínguez Lino



Entrevistamos a...



José A. Álvarez Alcoba

Jefe del Área Técnica de Sogama

“Medioambientalmente, la valorización energética es una tecnología que se ha demostrado segura durante años”

Con más de dos décadas de recorrido profesional en Sogama, José Antonio Álvarez Alcoba ha sido testigo directo y protagonista del nacimiento, desarrollo y consolidación del Complejo Medioambiental de Cerceda. Su vinculación con la empresa comenzó en 1999, justo en la puesta en marcha de una de las infraestructuras medioambientales más innovadoras de Europa. Actualmente, al frente del Área Técnica y con una sólida experiencia a sus espaldas, Alcoba defiende con firmeza la valorización energética como la mejor solución para tratar el rechazo que queda tras los procesos de reciclaje. “Siempre habrá una fracción que no pueda volver al circuito, ni reciclada ni valorizada por otras vías que no sean la energética”, afirma con convicción.

Se incorporó a Sogama coincidiendo con la puesta en marcha del Complejo Medioambiental de Cerceda, hace más de dos décadas. ¿Cómo vivió aquellos momentos?

La recuerdo como una época muy bonita para mí, ya que ahí dio comienzo mi carrera profesional, pero también he de decir que fue muy difícil y compleja.

Comencé en Sogama en el año 1999 de la mano de Manuel Menéndez, el entonces director Técnico de la compañía, con el que realicé un intenso aprendizaje que permitiría mi posterior desarrollo profesional. A finales de ese año concluyeron las obras de lo que hoy es el Complejo Medioambiental de Cerceda y, a principios de 2000, debían comenzarse las pruebas de puesta en marcha para dar

debido cumplimiento a los plazos de ejecución establecidos. Se auguraba un año especialmente duro, como así fue, y ya no solo por lo que implicaba a nivel industrial, sino porque estábamos ante una infraestructura extraordinariamente novedosa sobre la que se cernía un gran desconocimiento, ya que no había referencias ni experiencias similares en toda Europa.

Teníamos un gran reto por delante, y era que todo el conjunto funcionase al unísono, algo que incrementaba su complejidad. Esto implicó jornadas maratónicas en las que no podíamos ni dormir, pero el interés, la emoción, la ilusión y las ganas que habíamos puesto en el proyecto eran tales que, a pesar de las dificultades, compensaban con creces los múltiples problemas que nos íbamos encontrando por el camino.

“A día de hoy estamos inmersos en otros proyectos, entre los que se encuentra la construcción de una planta de recuperación de residuos textiles.”

Estoy francamente orgulloso y satisfecho de haber participado en el lanzamiento de este proyecto y de haberlo vivido en primera persona.

🏠 [Volver á portada](#)

3



Entrevistamos a...



José A. Álvarez Alcoba es el jefe del Área Técnica de Sogama desde 2017.

A lo largo de estos años se responsabilizó de áreas tales como el mantenimiento y la producción de Sogama, asumiendo más tarde la jefatura del área técnica de Sogama. ¿Qué balance hace de todo este tiempo?

Así es, pero, además, asumí la implantación de la recogida selectiva de envases ligeros en todo el territorio gallego. Comenzamos primero con una experiencia piloto que, posteriormente y de forma paulatina, se extendió a toda la comunidad, y que fue creciendo conforme se fueron adhiriendo los concellos al Convenio Xunta-Ecoembes. Para ello conté con un gran equipo, sin el cual no habría sido posible llevarlo a cabo, con Sandra Rama y María José García como apoyos claves. Durante un par de años compaginé este cometido con la puesta en marcha del Complejo Medioambiental y la supervisión del mantenimiento. La responsabilidad de la explotación llegó unos años después. Como ya he dicho, los primeros años fueron especialmente intensos, con mucho trabajo y muchas horas de dedicación, ya que surgían problemas donde, aparentemente, no podía haberlos, pero a los que siempre se buscó la mejor solución. Con el paso del

tiempo, he podido comprobar el fruto de las medidas implantadas entonces. Como ejemplo, pondría el Plan de Choque que se desarrolló en la primera etapa de funcionamiento del Complejo, y en el que se incluyeron numerosas mejoras en equipos e instalaciones que aún hoy siguen dando muy buenos resultados. Porque no debe olvidarse que estábamos ante un proyecto novedoso e innovador, orientado a tratar residuos urbanos a los que se les retiraban ciertos materiales reciclables, sometiendo la parte no reciclable a un secado y trituración para la elaboración de un combustible. No había experiencia ni referencias para dar solución a las incidencias que iban surgiendo, de ahí que se decidiese diseñar e instaurar ese Plan de Choque a través del cual resolver los problemas detectados durante los dos o tres primeros años. A partir de ahí, continuamos mejorando las instalaciones hasta que, en 2019, llegó la modificación de la planta de tratamiento, reciclaje y elaboración de combustible, así como la puesta en marcha de una nueva planta de clasificación de materiales reciclables. A día de hoy estamos inmersos en otros proyectos, entre los que se encuentra la construcción de una planta de recuperación de residuos textiles. Siempre estamos

en constante evolución y con afán de superación. Este es nuestro compromiso.

¿Cuál ha sido para usted el proyecto más complejo que ha tenido que gestionar al frente de la Sociedad y cuál el más satisfactorio?

Es una pregunta muy difícil de responder, porque, a lo largo de estos 25 años, todos los proyectos desarrollados han tenido su parte satisfactoria y su grado de complejidad. No obstante, y atendiendo a su complejidad, si tengo que quedarme con uno sería, sin duda, la puesta en marcha de todas las instalaciones que conforman el Complejo cercedense de forma simultánea, además de las actuaciones y mejoras introducidas para que funcionasen correctamente, conforme a todos los parámetros de diseño.

Y si me circunscribo al nivel de satisfacción, me decantaría por la puesta en marcha de la planta de clasificación de materiales reciclables, que ha permitido recuperar, de la fracción resto, aquellos envases que, por mala praxis de la ciudadanía, acaban en el contenedor genérico, cuando su destino debería haber sido otro de recogida selectiva. Impresiona ver y comprobar el gran poder de la tecnología y cómo unos separadores ópticos son capaces de diferenciar tipologías de envase y, con un chorro de aire, diferenciarlos del resto.

Dirige un equipo de ingenieros y economistas cuyo trabajo se orienta a gestionar de forma sostenible una infraestructura industrial conformada, a grandes rasgos, por 1 Complejo Medioambiental, 1 vertedero controlado de apoyo, 4 plantas de compostaje, y 37 de transferencia, además de la propia logística y transporte de residuos desde toda Galicia. ¿Qué es lo más difícil del día a día?

Me gusta esta pregunta porque lo más difícil del día a día es gestionar los imprevistos, las incidencias y los problemas, que deben resolverse antes incluso de que surjan. Tengo la gran suerte de contar con un equipo maravilloso, tanto en calidad humana como en profesionalidad, del que me siento muy orgulloso y sin el cual no podríamos haber llegado hasta



Entrevistamos a...

donde lo hemos hecho.

En los primeros compases de mi carrera profesional, tal y como comenté anteriormente, fui de la mano de Manuel Menéndez y, posteriormente, del jefe del Área Técnica en aquellos momentos, Ramón Pérez Mariño. Ambos ya no están en la empresa desde hace años, pero su trabajo fue decisivo en la primera etapa de Sogama. Las personas que conforman mi equipo técnico hacen que éste funcione como el mejor de los engranajes. Afrontamos cada jornada con la mejor predisposición posible y siempre con el mejor humor.

Para mí, la prioridad, y también lo más complicado, es que nuestros clientes, que son 295 ayuntamientos, se sientan debidamente atendidos, y esto se consigue gestionando sus residuos en forma y plazo. Y en esta gestión participamos todo el equipo, cada uno en el área que le corresponde. En general, los ayuntamientos y los ciudadanos no son conscientes del trabajo y esfuerzo que supone tratar en las mejores condiciones una bolsa de basura. La sacan de casa, la depositan en un contenedor y se olvidan. Pero es a partir de ahí cuando comienza todo ese trabajo que no se ve. La recogida del residuo la realiza el propio Concello, que lo transporta a una de las 37 plantas de transferencia de Sogama, y es a partir de ahí cuando comienza la difícil tarea de nuestro día a día, ya que debemos garantizar que ese residuo se convierta en un recurso, bien para su posterior reciclado, bien para producir electricidad, en el caso de la parte no reciclable. En esta labor participamos todos:

Simón, Rubén, Pedro, María Jose, Sandra y Atene.

Usted siempre ha sido un tenaz defensor de la valorización energética de la fracción no reciclable de los residuos frente a otras opciones de tratamiento finalistas. ¿Qué ventajas destacarías de este sistema?

Cierto, soy un acérrimo defensor de la valorización energética de los rechazos no reciclables, porque a término, ¿qué soluciones finalistas hay? ¿El vertedero? Durante toda mi carrera profesional, y en base a la formación y experiencia que tengo, puedo afirmar de forma categórica que no hay tecnología ni solución para dar salida al 100% de los residuos. Y me explico: ni todo es reciclable, ni todo es compostable, ni todo se puede valorizar energéticamente. Tiene que haber un equilibrio.

Hay mucha demagogia al respecto por parte de algunos colectivos que aseguran que es posible el reciclaje de la totalidad de los residuos. A éstos les diría que siempre va a haber una fracción que no tendrá forma de volver a integrarse en el circuito, ya sea mediante su reciclaje u otro tipo de valorización que no pase por la energética. Al menos no en estos momentos de avance de la ciencia. La otra opción para el residuo que no tiene salida es el vertedero, al que me opongo radicalmente, ya que, en la actualidad, las tecnologías de valorización energética existentes están lo suficientemente desarrolladas para evitar y reducir a la mínima expresión cualquier afección al medioambiente, que, comprensiblemente, es lo que más puede preocupar a la población.

Después de 25 años que lleva nuestra instalación de valorización energética funcionando, podemos afirmar y confirmar que no hay impacto alguno reseñable al medio.

Los detractores de la valorización energética argumentan su posicionamiento en el negativo impacto que ésta tiene para el medio ambiente y la salud, calificándolo como altamente contaminante. ¿Qué les diría?

Insisto en lo mismo. Lo primero que les diría es que la mejor solución para que no haya afección al entorno sería no generar residuos, pero ya sabemos que esto es una utopía en nuestra sociedad de consumo. Partiendo de la premisa de que, como todos sabemos, es imposible no generar residuos, tendremos que buscar la forma de recuperar la mayor parte de las fracciones que sean reciclables, y para ello es preciso dejar de lado la demagogia y ser pragmáticos, además de realistas. Una vez recuperado aquello que el circuito de reciclaje y reutilización puede absorber, tenemos que decantarnos por la solución que más valor añadido dé a ese rechazo que queda de los procesos. Y aquí es cuando entra en juego la valorización energética: obtener electricidad a partir de ese rechazo. Estoy convencido de que, a todos los detractores de este sistema, les gusta llegar a su casa y encender la luz, poner la televisión, escuchar la radio y consultar su móvil, entre otras cosas. Desde aquí les digo que estén tranquilos porque, medioambientalmente, la valorización energética es una tecnología que se ha demostrado segura durante años.



PERFIL PROFESIONAL

Ingeniero de Minas por la Universidad Politécnica de Madrid en la especialidad de Energía y Combustibles, José Antonio Álvarez inició su trayectoria laboral como director Facultativo en una pizarrera y, desde 1999 ha desarrollado su carrera profesional en Sogama.

A lo largo de su experiencia en la empresa pública, ha desempeñado diferentes puestos de responsabilidad, destacando su labor en el Departamento de Recogida Selectiva, en el área de mantenimiento y como jefe de Explotación de las instalaciones de Sogama. Desde noviembre de 2017 es jefe del Área Técnica de la Sociedad.

🔍 Volver á portada

5



Entrevistamos a...



Alexánder Doval

Alcalde de Oroso

“A medio plazo, nuestro objetivo es convertir a Oroso en un referente de concello verde”

En un entorno natural privilegiado, el concello coruñés de Oroso se postula como referente de municipio verde. Así lo confirma el alcalde de la localidad, Alexánder Doval, quien consciente del potencial, promueve la protección del medio ambiente como uno de los principales pilares de desarrollo local.

Defensor de la educación medioambiental, Doval desarrolla campañas de concienciación, impulsa la mejora de los sistemas de recogida selectiva e invierte en medidas de eficiencia energética en los edificios municipales.

Con el objetivo de convertir a Oroso en un modelo a seguir por su gestión en sostenibilidad, valora especialmente la colaboración con Sogama, a la que considera un socio clave por su contribución a la gestión de los residuos y a la reducción de los vertidos incontrolados.

Desde que asumió la alcaldía del Concello de Oroso, en junio de 2023, la protección del medio ambiente y la calidad de vida de sus vecinos han sido, y son, dos de sus grandes prioridades. ¿Qué iniciativas ha llevado a cabo su equipo de gobierno en el ámbito medioambiental y cuáles son sus previsiones?

Desde el primer día, tuvimos claro que la sostenibilidad y el bienestar de nuestros vecinos debían ir de la mano. Por eso impulsamos campañas de concienciación sobre reciclaje, mejoramos la red de contenedores selectivos e implantamos medidas de eficiencia energética en edificios municipales. Además, estamos trabajando en un plan de arbolado urbano y en la creación de más zonas verdes. A medio plazo, nuestro objetivo es convertir a Oroso en un referente

de concello verde no solo por su entorno, sino también por su modelo de gestión.

En 2024, el Concello se incorporó al programa de compostaje doméstico liderado por Sogama en Galicia. ¿Con qué objetivos y qué balance provisional hace del mismo?

El compostaje doméstico nos permite cerrar el ciclo de los residuos orgánicos en origen, reduciendo la huella ambiental y fomentando una economía circular real. Desde su implantación, hemos detectado una muy buena acogida entre la vecindad, con una alta participación y un compromiso creciente. El balance provisional es positivo, y seguiremos apoyando esta iniciativa con formación, seguimiento y más recursos para quienes se sumen.

“Sogama ha sido y sigue siendo un aliado estratégico. Gracias a su modelo, hemos mejorado notablemente la gestión de residuos.”

¿Disponen en el municipio de un punto limpio para la recogida de aquellos desechos que, dadas sus características, no pueden depositarse en los contenedores de la calle? ¿Cómo está funcionando y qué acogida tiene entre la ciudadanía?

 **Volver á portada**

 **6**



Entrevistamos a...

Sí, disponemos de un punto limpio totalmente operativo y en continuo proceso de mejora. Es un servicio clave para garantizar una correcta gestión de residuos especiales o voluminosos, y cada vez más vecinos lo utilizan de forma habitual. También organizamos recogidas para acercar el servicio a toda la población, especialmente a los núcleos rurales.

Oroso cuenta con un entorno natural privilegiado, siendo uno de sus mayores atractivos el río Tambre y la isla del Refugio. ¿Alguna acción ambiental relevante en este ámbito?

Sin duda. Estamos desarrollando actuaciones de protección y puesta en valor de estos espacios naturales, como la limpieza periódica de márgenes fluviales, la mejora de senderos y la señalización interpretativa. Queremos que vecinos y visitantes disfruten de estos espacios de forma responsable, y

para ello también colaboramos con centros educativos y asociaciones locales en programas de educación ambiental.

Entre otros cargos, usted ostenta la presidencia de la Asociación de Concellos de la Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle. Háblenos de esta entidad y su cometido.

La Asociación nació con el objetivo de gestionar de forma conjunta esta vía verde, uniendo esfuerzos entre concellos para convertirla en un espacio de ocio, deporte y turismo sostenible. Más allá de su valor paisajístico, queremos que sea un motor económico y de cohesión territorial. Como presidente, me siento muy orgulloso del trabajo realizado y de todo lo que aún podemos lograr juntos.

El Concello de Oroso está adscrito al modelo Sogama, cuyo Complejo Medioambiental para

“Cada vez más vecinos utilizan el punto limpio de forma habitual.”

la gestión y tratamiento de los residuos municipales se puso en marcha hace 25 años. ¿Qué ha significado Sogama para la localidad?

Sogama ha sido y sigue siendo un aliado estratégico. Gracias a su modelo, hemos mejorado notablemente la gestión de residuos, incrementando las tasas de reciclaje y reduciendo vertidos incontrolados. Además, ha servido para concienciar a la ciudadanía sobre la importancia de separar correctamente. Para Oroso, formar parte de este modelo es garantía de compromiso con el futuro y con Galicia.



PERFIL PROFESIONAL

Alexánder Doval es licenciado en Ciencias Políticas y de la Administración por la Universidade de Santiago de Compostela, y en Derecho por la Universidade da Coruña. Completó su formación con un máster en Asesoría Jurídica de Empresa en esta última universidad y un MBA (Master in Business Administration) en el IECE.

En 2015 inició su carrera política como concejal en el Ayuntamiento de Oroso, y en 2023 asumió la Alcaldía. Además, desempeña diversos cargos de representación institucional: es presidente de la Asociación de Concellos da Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle, miembro de la Comisión de Fondos Europeos de la FEMP, vicepresidente de la Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes y forma parte de la directiva de la Asociación de Concellos do Camiño Inglés.



Mundo SOGAMA

Galicia contará cunha planta pública para a xestión de residuos téxtiles no Complexo Medioambiental de Cerceda

Os concellos e empresas do sector poderán cumprir as obrigas legais evitando o uso do vertedoiro para os residuos téxtiles grazas á primeira planta pública de clasificación destes materiais en Galicia, que se construíra en Cerceda (A Coruña). Entrará en funcionamento en 2026, logo de ser adxudicado o contrato de construción e xestión por máis de 22 millóns de euros



A nova planta pública de clasificación de residuos téxtiles de Galicia entrará en funcionamento en 2026.

O Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña) acollerá a que será a primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles, á que se destinará un investimento de 22,4 millóns de euros. A obra e a xestión integral da instalación foi adxudicada á UTE Espina Obras Hidráulicas-Setec Building, que conta coa alianza da téxtil Arroupa, entidade de economía social cunha contrastada experiencia na xestión desde tipo de residuo. A planta ocupará unha superficie de 8.000 metros cadrados, cunha capacidade inicial para 3.000 toneladas anuais de residuos, aínda que poderá chegar

ata as 24.000 toneladas. Nunha primeira fase xerará entre 16 e 30 empregos directos, que se cubrirán preferentemente con persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Separación con intelixencia artificial

A planta incorpora a tecnoloxía necesaria para a clasificación deste tipo de residuos. Unha vez recibidos, sométense a unha preclasificación na que se separan aquelas pezas que se atopan en bo estado para destinalas á reutilización. As restantes entran nun proceso no que se aplica intelixencia artificial que permite segregar os téxtiles

por composición e cores para, posteriormente, separar elementos impropios e accesorios tales como botóns, cremalleiras, etc. Os tecidos resultantes prénsanse e envíanse a centros recicladores para ser transformados en fibra téxtil reciclada, aínda que tamén poden contemplarse outros usos, como son os produtos illantes. Aqueles téxtiles que, dadas as súas características, non poden ser reutilizados nin reciclados, serán valorizados enerxeticamente, evitando que acaben enterrados en vertedoiro, a peor das opcións debido ao seu negativo impacto ambiental e sobre a saúde.



Actualidade

Sogama lanza a campaña “Separa. Depende de ti” para mellorar a reciclaxe cidadá

Coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente, Sogama puxo en marcha esta iniciativa, coa que busca reforzar a implicación da poboación na correcta separación dos residuos en orixe e avanzar cara a unha reciclaxe de maior calidade



Lanzamento da campaña no concello de Sanxenxo (Pontevedra), coincidindo coa celebración da primeira feira de medio ambiente na localidade.

Baixo o lema “Separa. Depende de ti”, Sogama puxo en marcha unha nova campaña de concienciación coa que busca fomentar a colaboración cidadá na separación correcta dos residuos, contribuíndo así ao cumprimento dos obxectivos europeos en materia de reciclaxe e economía circular.

O foco da iniciativa centrouse nos chamados “impropios”: residuos que acaban no contedor incorrecto, dificultando a recuperación de materiais reciclables e comprometendo o bo funcionamento das plantas de

tratamento. O obxectivo é educar e concienciar para evitar erros que, por descoñecemento ou falta de atención, teñen un impacto negativo, tanto ambiental como económico.

A campaña apostou por unha comunicación visual directa e sinxela, empregando manchas de cores para ilustrar que separar ben os residuos é tan doado como non mesturar distintos tons.

O eixo central da acción é unha aula itinerante que está a percorrer distintos concellos galegos. Arrincou o 7 de xuño en Sanxenxo, coincidindo coa primeira feira ambiental do

municipio, e xa pasou por Bueu, O Barco de Valdeorras, Poio, Curtis, Viveiro, Cambados, Cervo, Silleda, Ordes, Cangas, Moaña e O Carballiño. A día de hoxe, continúa o seu periplo por outros municipios. En cada localidade instálase un stand atendido por monitores especializados en xestión de residuos. A través de exemplos prácticos e material gráfico, explican o que se debe depositar en cada contedor, insistindo en que a presenza de improprios non só contamina, senón que tamén encarece o proceso e fai que se perdan recursos valiosos.



Actualidade



ENCANTRO EN LIÑA

BALANCE DA XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS ADHERIDOS A SOGAMA



Encanto en liña organizado por Sogama e Applus para avaliar a situación actual da xestión de residuos..

Máis de 70 concellos fan balance da xestión dos residuos municipais nun encontro en liña promovido por Sogama

A xornada serviu para abordar aspectos normativos, así como a imperiosa necesidade de implantar a recollida diferenciada da materia orgánica, dados os seus beneficios ambientais e económicos

Representantes de máis de 70 concellos galegos participaron nun encontro en liña, promovido por Sogama en colaboración coa empresa Applus. Esta cita serviu para facer balance da xestión actual dos residuos municipais, compartir experiencias e poñer sobre a mesa cuestións de interese para a súa avaliación. No transcurso da xornada abordáronse aspectos contemplados na *lei estatal 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular* que, entres outras cuestións, obriga aos entes locais a instaurar a recollida diferenciada da fracción orgánica e a aplicar unha taxa de residuos non deficitaria que cubra os custos reais do servizo: desde a contenerización e recollida ata o tratamento en planta, e mesmo campañas de formación e sensibilización social. Tamén obriga a implantar a recollida selectiva de residuos téxtiles a partir do 1 de xaneiro deste ano

As vantaxes ambientais e beneficios económicos da compostaxe, tanto industrial como doméstica, convertírona en protagonista da sesión. Levar os restos orgánicos, que de media supoñen o 37-40% dunha bolsa de lixo doméstico, a unha das 4 plantas de compostaxe de Sogama en Galicia para convertilos en abono, pode aforrar case nun 56,5% o gasto por tonelada dos concellos, fronte ao importe que deben pagar pola fracción resto se cumpren requisitos.

Canon reducido de Sogama

Na sesión explicouse que as decisións adoptadas polo Estado ocasionaron un grave impacto para as contas de Sogama. As perdas económicas ascenderon, no ano 2023, a máis de 18 millóns de euros. Os impostos á vertedura e á incineración, e a eliminación da retribución ao investimento da planta termoeléctrica de

Sogama foron as principais razóns do resultado. Tamén afectou a merma da retribución á explotación da planta de coxeración e a recuperación do imposto eléctrico. Así as cousas, para salvagardar a viabilidade do seu sistema de xestión, que atende a 295 concellos, Sogama actualizou o canon da bolsa negra (fracción resto) ata os 108 euros/tonelada. Non obstante, os concellos poden acollerse a un canon reducido de 95 euros/tonelada, supeditado ao cumprimento dun destes dous requisitos: reducir a produción de residuos nun 1% respecto ao exercicio anterior e/ou incrementar nun 3% a reciclaxe da bolsa amarela e/ou bolsa marrón. Tamén se falou do custo do tratamento dos residuos e a necesidade dunha maior transparencia coa veciñanza, explicándolle, con datos e cifras, a importancia da súa colaboración para fomentar o aforro.



Actualidade



Planta de compostaxe de Vilanova de Ourense.

Sogama impulsa a dixitalización coa nova plataforma TRAZA para facer un seguimento da rastrexabilidade dos residuos

A empresa pública investirá máis dun millón de euros na instalación de equipos en distintas infraestruturas, co fin de mellorar o seguimento dos residuos, desde a súa entrada nas instalacións de Sogama, ata a súa conversión en recursos

A Sociedade Galega do Medio Ambiente adxudicou, por un importe de 1.038.911 euros, o contrato das obras necesarias para instaurar a nova plataforma TRAZA, un sistema avanzado de rastrexabilidade de residuos nas súas instalacións.

A actuación estenderase a diferentes puntos da súa rede de infraestruturas: as plantas de transferencia, as catro plantas de compostaxe (situadas en Cervo, Cerceda, Verín e Vilanova de Arousa), o Complexo Medioambiental de Cerceda e as terminais ferroviarias de Adif en Lugo e Taboadela (Ourense). O obxectivo é garantir un seguimento automatizado e preciso dos residuos desde que

entran nas súas instalacións ata que saen das mesmas convertidos en recursos: ben xa clasificados por tipos de materiais para remitir aos centros recicladores, ou ben transformados en enerxía eléctrica no caso da fracción non reciclable. Isto permitirá á empresa pública ofrecer un servizo adicional aos concellos para unha xestión eficiente da documentación, co conseguinte aforro de tempos, constituíndo o dato un elemento esencial para a toma de decisións.

Portal dixital ao servizo dos concellos

No marco do seu plan R-Dixital, Sogama xa está a desenvolver o Portal do Cliente, unha ferramenta en liña pensada para optimizar as comunicacións cos 295 concellos

galegos aos que presta servizo. Esta nova plataforma, que se concibe como un espazo intuitivo, dinámico e accesible en tempo real, permitirá consultar información actualizada, xestionar documentación, recibir alertas e mesmo anticiparse á evolución futura dos residuos. O portal tamén ofrecerá funcionalidades como a xeración de informes personalizados, a consulta de contratos ou o acceso a estatísticas sobre as distintas fraccións de residuos xestionadas. Ademais, integrará sistemas de proxección e predición, facilitando escenarios de futuro sobre a produción de residuos, acompañados dun grao de fiabilidade, o que permitirá ás entidades locais planificar con maior anticipación e rigor.

Actualidade



Curso en liña para trasladar coñecementos sobre educación ambiental aos docentes adscritos á Xunta de Galicia.

Sogama dirixe ao profesorado un novo curso en liña sobre educación ambiental

Unha nova actividade formativa proposta por esta empresa pública busca poñer en valor a educación ambiental como disciplina transversal no currículo académico. Con esta fin, impartiu un curso en liña orientado a dotar ao profesorado adscrito á Xunta de Galicia das ferramentas didácticas e pedagóxicas necesarias para trasladar ao alumnado os principios da xestión sostible dos residuos municipais

Baixo o título "Pechando o círculo: a educación ambiental do século XXI", Sogama impartiu un novo curso en liña dirixido ao profesorado de Infantil, Primaria e ESO adscrito á Xunta de Galicia. Fíxoo a través do CAFI (Centro Autonómico de Formación e Innovación), dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O obxectivo desta actividade formativa foi poñer en valor a educación ambiental como disciplina transversal no currículo académico. O curso dotou aos docentes das ferramentas didácticas e pedagóxicas necesarias para instaurar a xestión

sostible dos residuos nos centros educativos. Estes coñecementos, unha vez trasladados ao alumnado, permitirán que as boas prácticas se extrapolen ao ámbito familiar e social deste colectivo. As 30 horas lectivas do curso foron impartidas do 14 de marzo ao 30 de abril. Os contidos dividíronse en 10 módulos teóricos, centrados en temáticas como a contribución que se pode facer desde a escola aos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible), o Pacto Verde Europeo, a economía circular, a loita contra o cambio climático e a figura do educador ambiental 2.0. Tamén abordaron o funcionamento do sistema Sogama, desde a súa

dimensión industrial, ambiental, pedagóxica e social, entre outras. Cada un dos módulos estaban asociados a probas tipo test que os participantes debían superar para avanzar nos contidos, complementados cunha actividade final de carácter práctico. Dous titores asignados ao curso encargáronse de dinamizar todos aqueles elementos con potencial de enriquecer os contidos, tales como reforzar as informacións, resolver dúbidas, compartir noticias de interese ou proporcionar recursos didácticos. Con este son xa 20 os cursos en liña impartidos por Sogama, sendo o profesorado o colectivo maioritario.



Actualidade

Sogama estuda novos usos para os áridos procedentes das escouras xeradas no proceso de valorización enerxética

A empresa pública investirá case 120.000 euros nun estudo a escala real que busca transformar residuos en recursos útiles para a obra civil e avanzar na economía circular



Sogama aposta por dar unha segunda vida ás escouras, reducindo a extracción de recursos naturais.

Sogama vén de adxudicar un contrato, por case 120.000 euros, para desenvolver un estudo técnico, a escala real, sobre o posible uso de áridos procedentes das escouras xeradas no proceso de valorización enerxética, como material de recheo para estradas.

O proxecto, cun prazo de execución de dous anos, permitirá avaliar a viabilidade técnica e ambiental destas mesturas de áridos de escoura con áridos naturais, co obxectivo de acadar a condición de

fin de residuo e dar lugar a un novo produto con aplicacións reais no ámbito da obra civil.

O estudo prevé unha serie de actuacións encamiñadas a garantir a calidade e seguridade do material: desde a caracterización das escouras e a separación de elementos impropios nunha planta externa, ata o proceso de maduración da mestura, que se levará a cabo durante tres meses no Complexo Medioambiental de Cerceda.

As escouras, formadas por materiais

como cerámicas, terras ou restos metálicos que non se combustiónan durante a valorización, son residuos non perigosos que Sogama garda actualmente nun depósito controlado. A empresa pública destaca que, de validarse a idoneidade destas mesturas, poderían aplicarse especialmente en sectores que consumen grandes volumes de recursos naturais, contribuíndo así a reducir a extracción de materias primas e minimizar o impacto ambiental das infraestruturas.



Actualidade

Escolares do Salnés recibiron formación para usar correctamente o contedor marrón

Os rapaces e rapazas do Salnés xa teñen os coñecementos precisos para converterse en cidadáns responsables ante o correcto uso do contedor marrón. Sogama levou a varios concellos da comarca do Salnés o seu programa formativo “O marrón, o contedor que devolve vida”



Formación nos centros CEIP Conmeniño, e CEIP Rosalía de Castro no Grove, no CEIP Espedregada de Poio e no CEIP Enrique Barreiro de Cambados.

Preto de catrocentos escolares de primaria de distintos centros educativos do Salnés foron os destinatarios dunha acción formativa promovida por Sogama enfocada a facer un bo uso do contedor marrón, destinado á materia orgánica. Os educadores impartiron charlas nos colexios Viñagrande-Deiro e Xulio Camba de Vilanova; Rosalía de Castro e Conmeniño, do Grove; Espedregada e Sek Atlántico, de Poio; e Enrique Barreiro Piñeiro, de Cambados.

En todos eles, indicouse as razóns polas que este novo contedor chegou ás rúas; detallouse o que se debe e non se debe depositar no mesmo, minimizando con isto a presenza de impropios (residuos que non corresponden a este recipiente) e incidiuse na importancia de que os restos orgánicos se introduzan previamente en bolsas compostables. Tamén explicóuselles como funciona a planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa, onde os residuos orgánicos reciben

tratamento para ser convertidos nun compost de alta calidade e utilidade para a agricultura e xardinería. As xornadas foron aproveitadas para incidir no principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), comezando pola prevención, continuando coa reutilización, e proseguindo coa correcta separación dos refugallo por materiais, introducindo cada tipoloxía nos contedores correspondentes para propiciar o seu posterior reciclado.



Actualidade

O concurso de carteis do programa “Recíclate con Sogama” 2024-2025 premia ao CEIP Manuel Luís Acuña, de Ourense, e o IES Francisco Daviña Rey, de Monforte

O CEIP Manuel Luís Acuña, de Ourense, e o IES Francisco Daviña Rey de Monforte de Lemos, foron premiados polo concurso de carteis integrado no programa “Recíclate con Sogama” 2024-2025 e canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia



Carteis gañadores de “Recíclate con Sogama” por parte do CEIP Manuel Luís Acuña e o IES Francisco Daviña Rey respectivamente.

Un xurado conformado por representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e Sogama, foi o encargado de avaliar as candidaturas e elixir os mellores traballos en base a parámetros tales como a calidade do cartel, a creatividade e orixinalidade, a mensaxe transmitida e a claridade na redacción do texto explicativo para facilitar a súa comprensión. O obxectivo deste concurso é transmitir o compromiso da comunidade educativa coa xestión sostible dos residuos en xeral e a reciclaxe en particular. Cada centro recibiu unha dotación económica de 1.500 euros, que deberá destinar a material e/ou accións educativas. O CEIP Manuel Luís Acuña, de Ourense, gañou na modalidade de educación Primaria, e o IES Francisco

Daviña Rey de Monforte de Lemos o fixo na de educación Secundaria e Formación Profesional. O cartel do colexio ourensán está inspirado en Wall-e, unha película de animación que presenta un futuro no que a Terra foi devastada e abandonada polo ser humano. O escolar autor desta obra representa unha escena que se podería reproducir nun futuro se non se adoptan as medidas necesarias e proseguimos cun consumo desorbitado de enerxía e recursos naturais, e unha insuficiente reciclaxe. “Non esperes a que sexa tarde” é a mensaxe dun cartel que advirte sobre as posibles consecuencias da inacción ambiental. O traballo do instituto monfortino reproduce a imaxe dunha muller abrazando o planeta co símbolo da reciclaxe. O texto que acompaña

o debuxo expón as vantaxes da reciclaxe na redución da produción de residuos, no aforro de enerxía e a posible diminución dos custos de produción para as empresas. Sintetiza a mensaxe na frase “Reciclar é dar unha segunda vida aos recursos, protexendo o planeta para as xeracións futuras”.

Sobre “Recíclate con Sogama” 2024-2025

Este programa educativo ten por obxectivo instaurar e fomentar a recollida selectiva de residuos nas aulas e propiciar que as boas prácticas se trasladen aos fogares. Con tal fin, Sogama achegou aos centros recursos para que realizasen os seus proxectos, que foron supervisados por educadores ao servizo da empresa a fin de orientalos.

Actualidade



O presidente de Sogama, Javier Domínguez cos promotores do programa nas instalacións de Sogama.

Empresas galegas pechan o círculo da recuperación de plásticos non valorizables para fabricar mobiliario urbano

Un consorcio galego desenvolve un proxecto innovador e circular aproveitando plástico reciclado galego e aceiro procedente de Ucraína. O proxecto foi presentado na sede de Sogama durante un encontro dos seus promotores e os representantes da Sociedade pública e do Grupo Cogami, no que se integra Coregal, unha das empresas tractoras desta iniciativa

As empresas Coregal, Greenteco Tecnología Ecológica e Fundiciones Rey presentaron na sede de Sogama o seu proxecto de economía circular ao redor dos plásticos non valorizables contidos nos residuos urbanos e industriais. As tres compañías, co apoio de Solteco, único fabricante español adicado á investigación e desenvolvemento de procesos de recuperación e reciclaxe de plásticos, conseguiron deseñar e producir unha serie de elementos de mobiliario urbano fabricados con plástico reciclado galego e aceiro procedente de

Ucraína. A presentación do seu proxecto circular contou coa presenza do presidente de Sogama, Javier Domínguez, así coma o conselleiro delegado en Galega de Economía Social, Víctor Silva, e membros do seu equipo. A alianza empresarial deseñou unha ampla gama de produtos fabricados con plástico non apto para a súa reciclaxe convencional transformándoos en materiais para a construción, como é o caso de ladrillos plásticos ignífugos, tapas de sumidoiros ou quitamedos para as estradas. En Sogama, os

promotores do proxecto mostraron tres bancos de exteriores de distintos tamaños que forman parte da serie "Galiucrania", fabricados con plástico galego e aceiro procedente de Ucraína. A experiencia suma o factor solidario con Ucraína da man de Fundiciones Rey, e a inclusión laboral de persoas con discapacidade a través de Coregal, empresa do grupo Cogami Empresarial. O catálogo de produtos deseñados por este consorcio xa están ao dispor do sector público e privado, aos que ofrecen solucións circulares.



Actualidade

O centro penal da Lama implantará o contedor marrón para garantir a compostaxe da materia orgánica

A comunidade do centro penal pontevedrés recibirá a formación axeitada para poñer en marcha a recollida diferenciada da materia orgánica a través do contedor marrón. A iniciativa conta co respaldo de Sogama e do Concello de A Lama



O presidente de Sogama coa directora do centro penitenciario da Lama e o alcalde do Concello.

O centro penal da Lama (Pontevedra) súmase á recollida selectiva de materia orgánica a través do contedor marrón. Así se acordou durante a reunión que mantiveron nas dependencias do penal a súa directora, Teresa Delgado, o alcalde do Concello, David Carrera, e o presidente de Sogama, Javier Domínguez. Con máis de 1.000 celas, 17 módulos de diferentes graos e 500 funcionarios, a prisión da Lama quere evolucionar nas súas prestacións e ser un centro de reinserción social de carácter integral no que o coidado do medio

ambiente, e máis concretamente a xestión sostible dos residuos, ocupa un lugar relevante como reforzo de valores coma o civismo, o respecto, a solidariedade, a empatía, a xenerosidade e o benestar global. A súa directora, Teresa Delgado, considera que esta pode ser unha magnífica oportunidade para reforzar a sensibilización ecolóxica dos internos e introducir, e mesmo afianzar, na súa vida diaria novos hábitos. Pola súa banda, David Carrera móstrase convencido de que o penal da Lama poderá servir de exemplo a outros centros que

queiran achegar o seu gran de area na consecución dun mundo mellor, dentro e fóra.

Javier Domínguez, ofreceu o total apoio de Sogama neste proxecto, poñendo a dispor o seu equipo educativo para levar a cabo tarefas de formación dirixidas a funcionarios e internos respecto da aplicación do principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), incidindo na correcta xestión da parte orgánica, xa que supón a maior porcentaxe dos refugallos producidos.



Actualidade



A delegación da Axencia Ambiental da República de Trinidad e Tobago, acompañada por integrantes da Fundación Benéfico Docente Gómez Pardo e o presidente de Sogama, Javier Domínguez.

Sogama recibe á delegación ambiental de Trinidad e Tobago, interesada no seu modelo de xestión de residuos

Representantes da Axencia Ambiental do país caribeño visitaron o Complexo de Cerceda como exemplo de modelo sostible, motivados pola urxencia de reducir o uso do vertedoiro e protexer a súa contorna natural

A comitiva da Axencia Ambiental da República de Trinidad e Tobago, acompañada por membros da Fundación Benéfico Docente Gómez Pardo, visitou o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda, interesada en coñecer de primeira man a operativa da empresa pública, considerada un referente tanto en España como a nivel internacional. Durante a visita, foron recibidos polo presidente de Sogama, Javier Domínguez, quen lles explicou o funcionamento do modelo en Galicia; un sistema baseado na reciclaxe dos materiais recuperables a través desta vía e na valorización enerxética dos residuos non reciclables, minimizando así a necesidade de vertedura.

Un modelo replicable

O percorrido guiado polas instalacións permitiu ao grupo coñecer polo miúdo como se xestionan os residuos desde a súa chegada ao Complexo ata a súa transformación. A delegación tamén puido tomar nota dos proxectos de innovación nos que traballa Sogama, como a próxima posta en marcha dunha planta para a clasificación de residuos téxtiles, a dixitalización integral dos procesos ou os plans para avanzar na descarbonización.

A Fundación Gómez Pardo, con máis de 140 anos de traxectoria, ten unha ampla experiencia en cooperación internacional, especialmente en ámbitos como as enerxías renovables, a reciclaxe e a eficiencia

enerxética. A súa colaboración con Trinidad e Tobago busca apoiar o país na transición cara a modelos máis sostibles.

A falta de espazo e os danos ambientais causados polo uso intensivo do vertedoiro levaron ás autoridades ambientais do país caribeño a buscar solucións máis eficientes e respectuosas coa contorna, como a de Sogama. Nun contexto onde os países insulares están a sufrir o impacto do aumento do nivel do mar, furacáns máis agresivos e perda de biodiversidade, a visita ás instalacións da empresa pública representa unha oportunidade para avanzar cara a políticas que reduzan as emisións e impulsen a economía circular.

Actualidade



Entidades asociadas á Confederación de Empresarios da Coruña durante a súa visita a Sogama.

Empresarios da Coruña visitan Sogama

O presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), Antonio Fontenla, encabezou unha visita institucional ao Complejo Medioambiental de Cerceda, onde representantes de empresas asociadas coñeceron o funcionamento de Sogama e os seus retos no camiño cara á economía circular.

Representantes de entidades asociadas á Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), liderados polo seu presidente Antonio Fontenla, visitaron o Complejo Medioambiental de Sogama en Cerceda no marco dun encontro centrado na sostibilidade e a economía circular.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, foi o encargado de recibir ao grupo e de explicarlles como funciona o modelo galego de xestión de residuos, que se basea na reciclaxe dos residuos

recuperables por esta vía e na valorización enerxética da parte non reciclable, reducindo así ao mínimo a vertedura.

Durante a visita, expuxéronse algúns dos principais fitos da empresa pública nos últimos anos, como a posta en marcha dunha nova planta industrial baseada na industria 4.0, o incremento do uso do ferrocarril para o transporte ou a creación dunha rede de plantas de compostaxe que dá servizo a toda Galicia, financiada en parte con fondos europeos.

Domínguez abordou tamén os desafíos inmediatos que enfrenta a entidade: avanzar na transformación dixital, descarbonizar os procesos e asumir a xestión de novas fraccións como os residuos téxtiles.

A xornada completouse cun percorrido virtual polas instalacións e cun itinerario guiado a pé acompañado pola directora xeral da compañía, Mirta Sueiro, permitindo aos asistentes coñecer en detalle a operativa dun dos referentes ambientais de Galicia.

Actualidade

Máis de medio cento de entidades subscribiron o primeiro manifesto a favor do impulso da valorización enerxética

A Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (AEVERSU) celebrou o 1º AEVERSU Summit: Encontro Global de Valorización Enerxética. Esta xornada, que reuniu ás voces máis relevantes do sector, estivo marcada pola presentación do 'Manifesto en Defensa do Papel que a Valorización Enerxética desempeña na Economía Circular'



Primeira edición de AEVERSU Summit, un encontro global para o sector da valorización enerxética.

Durante o 1º AEVERSU Summit, celebrado en Madrid, AEVERSU presentou o 'Manifesto en Defensa do Papel que a Valorización Enerxética desempeña na Economía Circular'. A xornada serviu como punto de encontro para referentes do sector, así como de escaparate para as tecnoloxías que marcarán a evolución deste no ámbito da xestión de residuos.

O evento contou coa participación de entidades públicas, administracións autonómicas, operadores líderes na xestión de residuos, enxeñarías especializadas, empresas tecnolóxicas e representantes da industria. Estes achegaron a súa visión e experiencia sobre os retos e oportunidades da valorización enerxética en España e Europa, así coma o seu papel na economía circular.

A través do manifesto, as empresas asinantes solicitan o recoñecemento oficial do papel estratéxico da valorización enerxética conforme á xerarquía europea. Tamén reclaman a integración deste tratamento dentro das estratexias nacionais e autonómicas de xestión de residuos, a suspensión temporal do imposto á valorización enerxética, e a implementación de políticas fiscais disuasorias do vertedoiro. Finalmente, piden o desenvolvemento dun marco regulador estable que favoreza o investimento en novas plantas, así como a modernización das xa existentes.

A cita estivo marcada polos casos de éxito e exemplos da disrupción aplicada á industria da valorización enerxética que demostran a importancia da innovación para o

impulso deste sector. Mediante catro mesas redondas, representantes das empresas máis punteiras analizaron os principais retos e oportunidades para o crecemento desde ámbito.

Dentro do marco do Summit, celebrouse o AEVERSU TECH, un espazo de diálogo tecnolóxico onde as principais empresas do sector puideron compartir os seus últimos avances e mostrar algunhas das tecnoloxías que están a marcar a evolución da industria da valorización enerxética e a xestión de residuos. Esta primeira edición contou co respaldo de 11 patrocinadores, incluíndo ACCIONA, FFC, PAPREC, PREZERO, SUEZ, URBASER, VALORIZA, VALTALIA e VEOLIA (patrocinadores Ouro); KANADEVIA INOVA (patrocinador prata); e MAGALDI (colaborador).



Actualidade

Novas partidas de composteiros axudarán a potenciar a autoxestión da materia orgánica por parte da veciñanza galega

Unha nova partida de composteiros domésticos distribuídos por Sogama permite a implementación de 400 novas unidades nos concellos galegos de A Capela, Ponteceso, Paderne, Oroso, A Baña e Cedeira, na provincia de A Coruña; Covelo e Salvaterra do Miño, na provincia de Pontevedra; Baltar, Beade e Taboadela, na provincia de Ourense



Sogama distribuíu 400 novos composteiros domésticos entre 11 concellos galegos.

A rede de compostaxe doméstico impulsada por Sogama para o fomento da reciclaxe da materia orgánica in situ segue medrando. A empresa fixo entrega de 400 composteiros domésticos a 11 concellos galegos: A Capela, Ponteceso, Paderne, Oroso, A Baña e Cedeira, na provincia de A Coruña; Covelo e Salvaterra do Miño, na provincia de Pontevedra; Baltar, Beade e Taboadela, na provincia de Ourense. A día de hoxe, xa son un total de 483 as entidades adscritas ao programa de compostaxe doméstica de Sogama, das cales 233 son

concellos, 218 centros educativos e 32 colectivos sociais, tendo repartido a Sociedade entre todas elas un total de 23.300 composteiros. A popularización desta práctica supón importantes beneficios ambientais, así como económicos e sociais. Con esta subministración, as familias das distintas localidades pechan o ciclo da valorización dos restos orgánicos nos propios fogares, empregando o compost obtido nas súas hortas e xardíns, e facendo o proceso máis cómodo, hixiénico e eficiente. Aínda que os novos participantes

recibirán manuais didácticos de autocompostaxe, nos que se detalla toda a operativa a seguir para que o compost obtido sexa de alta calidade e cumpra a normativa, técnicos de Sogama, en coordinación cos propios concellos, están a impartir cursos presenciais, para explicar á veciñanza a dinámica a seguir: onde colocar o composteiro, que depositar e que non depositar no mesmo, como conseguir unha mestura equilibrada entre fracción húmida e seca, que parámetros vixiar para lograr un resultado exitoso, e que aplicacións pode ter o compost resultante.



Multimedia

Separa. Depende de ti

Sogama pon en marcha a campaña “Separa. Depende de ti”, unha chamada directa á cidadanía para mellorar a forma na que seleccionamos os residuos no día a día para garantir a súa posterior reciclaxe. O obxectivo é reducir os erros ao depositar os refugallos nos contedores, o que se coñece como impropios. Para conseguilo, a campaña conta cunha mensaxe clara e recursos gráficos visuais, que axuden a identificar os fallos máis comúns á hora de separar o lixo doméstico. A iniciativa inclúe unha web específica, vídeos explicativos e un folleto divulgativo que resumen todo o que se precisa saber para separar mellor.



[Acceso directo á web](#)

25 anos do Complexo Medioambiental de Sogama

Sogama celebra os 25 anos do Complexo Medioambiental de Cerceda, un fito que marca a consolidación dun modelo de referencia en Europa na xestión sostible dos residuos municipais. Ao longo destas dúas décadas e media, a empresa pública mantivo firme o seu compromiso co medio ambiente, apostando por unha evolución constante e investindo en innovación para dispoñer das ferramentas máis avanzadas neste eido.



[Ver o vídeo](#)

1st AEVERSU Summit

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, participou como relator no I Encontro Global sobre Valorización Enerxética, celebrado en Madrid o pasado 8 de maio e promovido pola Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (AEVERSU). O evento reuniu a representantes de máis de medio cento de entidades, que asinaron o primeiro manifesto conxunto para impulsar a valorización enerxética en España como parte fundamental da xestión sostible dos residuos e da transición cara a un modelo circular.



[Ver o vídeo](#)

[Volver á portada](#)



Eventos

Sogama defende a valorización enerxética como parte clave da economía circular

No marco do 1st AEVERSU Summit, celebrado en Madrid, o presidente de Sogama, Javier Domínguez, subliñou que España non poderá acadar os obxectivos europeos en materia de residuos sen incorporar a valorización enerxética da fracción non reciclable. Durante a súa intervención, Domínguez Lino destacou que a valorización enerxética debe formar parte, de maneira efectiva, da economía circular, como unha solución sostible e necesaria para xestionar os residuos que non poden ser reciclados. Así mesmo, reivindicou a importancia de que a normativa en materia de residuos veña acompañada dos recursos precisos para garantir a súa aplicación real e efectiva.



O presidente de Sogama (segundo pola dereita) durante a mesa redonda, "Xestión económica da valorización enerxética. Saen as contas?"

Javier Domínguez destacou a experiencia de Sogama en compostaxe na sede do Consello insular de Ibiza

O pasado 28 de abril, no marco do IV Encontro ESGREM, celebrado na sede do Consello insular de Ibiza, o presidente de Sogama, Javier Domínguez, destacou a experiencia e o coñecemento da empresa pública en materia de compostaxe, tanto a nivel industrial como doméstico. Fíxoo ante un grupo de traballo formado por entidades supramunicipais encargadas da xestión dos residuos municipais. Durante a súa intervención, Domínguez salientou a aposta de Sogama pola transformación da materia orgánica en abono natural, así como o apoio continuo aos concellos galegos para cumprir coa normativa que obriga a implantar a recollida diferenciada desta fracción de residuos. O presidente de Sogama tamén destacou a aplicación dun canon reducido á xestión da materia orgánica, como medida para incentivar a súa compostaxe e avanzar cara unha xestión máis sostible e axustada á lei.



Javier Domínguez no Consello insular de Ibiza, durante a súa intervención no IV Encontro ESGREM, un grupo de traballo integrado polos entes supramunicipais para a xestión dos residuos municipais.



Eventos

A dixitalización como alternativa para mellorar a eficiencia de Sogama e a comunicación cos concellos


Javier Domínguez tamén participou nunha mesa redonda sobre as ferramentas dixitais no I Congreso de Cidades Intelixentes e Economía Circular, celebrado en Pontevedra o pasado 21 de maio. Durante a súa intervención, subliñou a relevancia do proceso de transformación dixital que está a levar a cabo a empresa pública. Este cambio, destacou, permitirá optimizar a eficiencia interna, aforrar recursos e mellorar a comunicación coas administracións locais. Neste contexto, tamén resaltou os avances na implementación da Plataforma TRAZA, que incluírá o novo Portal do Cliente. Esta ferramenta permitirá aos concellos acceder aos datos en tempo real, facilitando así a súa toma de decisións e mellorando a xestión dos recursos.



O Presidente de Sogama, Javier Domínguez durante a súa participación no I Congreso de Cidades Intelixentes e Economía Circular.

Mirta Sueiro destaca a modernización e a gobernanza como eixos do Plan Estratéxico

A directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro, participou o pasado 30 de maio no Foro FIREC "Diálogos de Economía Circular", celebrado na Coruña. Alí puxo en valor a relevancia do novo Plan Estratéxico da entidade, nun momento marcado por importantes cambios legislativos, ambientais, económicos e sociais. Durante a súa intervención, Sueiro falou do enfoque dual da Estratexia: por unha banda, centrada na modernización e no crecemento da Sociedade; e por outra, na mellora da gobernanza e na conexión máis próxima cos 295 concellos aos que Sogama presta servizo. A directora tamén fixo fincapé na aposta decidida pola transformación dixital, a correcta xestión do residuo téxtil e a descarbonización dos procesos.



Mirta Sueiro no faladoiro compartido con Sebastià Sansó i Jaume de EMSER 2002, e Rafael Sánchez Aparicio de Residuos & Plásticos.



Eventos

Sogama presente no 11º Congreso de CEWEP en Polonia

O xefe de Control Técnico e Económico, Calidade e Medio Ambiente de Sogama, Pedro Alcázar, asistiu ao 11º Congreso de CEWEP (Confederación Europea de Plantas de Valorización Enerxética), celebrado os días 5 e 6 de xuño na cidade de Gdańsk, en Polonia. O evento reuniu a 300 representantes de 26 países, converténdose na edición máis concorrida da historia do Congreso, segundo a organización. Durante o encontro abordáronse os últimos avances en tecnoloxías e políticas vinculadas á valorización enerxética de residuos (WtE), ao tempo que se ofreceron espazos para o diálogo, a cooperación e a creación de sinerxías entre os distintos axentes implicados na xestión sostible dos residuos e na recuperación eficiente da enerxía.



Pedro Alcázar (terceiro pola esquerda) xunto con outros membros da Asociación de Empresas de Valorización Enerxética (AEVERSU) á que pertence Sogama.



Curiosidades

Posta en marcha da Oficina de Economía Circular Municipal

A Xunta de Galicia reforza o apoio aos concellos na xestión dos residuos coa posta en marcha da Oficina de Economía Circular Municipal, un espazo que ofrecerá asesoramento técnico para acelerar a transición cara a un modelo máis sostible e eficiente.

Con esta iniciativa, o Goberno galego busca impulsar actuacións que melloren os sistemas de recollida do lixo e favorezan o intercambio de experiencias desde a realidade local. Así o anunciou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, durante a presentación da nova ferramenta o pasado 15 de maio.

Segundo explicou, nos vindeiros tres anos destinaranse 1,3 millóns de euros á prestación deste servizo, co obxectivo de apoiar aos concellos na implantación de modelos avanzados de xestión de residuos,



plenamente aliñados cos principios da economía circular. Ao mesmo tempo, esta oficina contribuirá a que os municipios dean pasos firmes no

cumprimento da normativa vixente e no logro dos obxectivos marcados pola Unión Europea nesta materia.

Fonte e imaxe: Xunta de Galicia

2024, o primeiro ano natural en superar o límite dos 1,5 °C respecto da era preindustrial

Segundo o último informe da Organización Meteorolóxica Mundial (OMM), o ano 2024 pasará á historia como o primeiro en que a temperatura media global superou, de forma continuada durante todo o ano, os 1,5 °C por riba dos niveis preindustriais. En concreto, a media situouse en $1,55 \pm 0,13$ °C por riba do rexistrado no período 1850-1900, considerado o valor de referencia. Desde que hai 175 anos se comezaron a rexistrar datos de temperatura, nunca se alcanzara unha cifra tan elevada. A OMM advirte de que en 2024 rompéronse todos os réCORDS relacionados cos signos do cambio climático de orixe



humana, e alerta de que algunhas das súas consecuencias poden

chegar a ser irreversibles durante séculos, ou mesmo milenios.

Fonte e imaxe: OMM

[⌂ Volver á portada](#)

26



Curiosidades

150 toneladas de lixo retiradas do fondo mariño en 2024

Ao longo de 2024, un total de 150 toneladas de residuos foron retiradas do fondo mariño por máis de 2.700 pescadores en 47 portos de toda España, no marco do proxecto [Upcycling the Oceans](#), impulsado pola fundación Ecoalf en colaboración con Ecoembes. Esta iniciativa, que leva anos funcionando en cinco comunidades autónomas, entre elas Galicia, aposta por dar unha segunda vida aos residuos recollidos no mar, converténdoo en novos recursos. O funcionamento é sinxelo pero eficaz: os pescadores, ao detectar lixo atrapado nas redes durante a faena, retíranlo, lévanlo a porto e clasifícanlo correctamente para que poida ser reciclado. Desde que comezou o proxecto, xa se recuperaron máis de 1.300 toneladas de residuos nas costas españolas.



Fonte e imaxe: Servimedia

Máis de 47.000 toneladas de vidro recollidas en Galicia

Segundo o balance anual de Ecovidrio, en 2024 recolléronse en Galicia máis de 47.000 toneladas de envases de vidro a través da recollida selectiva. Isto tradúcese nunha media de 17,4 quilogramos por persoa, o que equivale a uns 60 envases depositados por cada galego ou galega ao longo do ano nos iglús verdes, repartidos polo territorio. Entre as cidades, destaca Santiago de Compostela, que se sitúa entre as tres capitais máis recicladoras de España cunha media de 28,3 kg por habitante, só superada por San Sebastián (37,3 kg/hab) e Pamplona (31 kg/hab). Cómpre subliñar tamén o traballo das plantas de tratamento de residuos urbanos da Comunidade, onde se recuperaron 16.527



toneladas adicionais de vidro que non foran correctamente separadas na orixe.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
Imaxe: Ecovidrio

🔍 [Volver á portada](#)

27



Curiosidades

A Comisión Europea presentará a nova Estratexia de Bioeconomía a finais de 2025

Tras unha consulta pública aberta ao conxunto da cidadanía e aos axentes implicados, a Comisión Europea ten previsto presentar a súa nova Estratexia de Bioeconomía a finais de 2025. Este documento marcará un punto de inflexión para fortalecer o papel da Unión Europea como referente global nun modelo económico máis sostible, innovador e competitivo.

A estratexia buscará canalizar todo o potencial das innovacións neste ámbito para fomentar a creación de emprego verde e un crecemento económico respectuoso co medio. Entre as prioridades destacadas figuran o impulso á innovación na bioeconomía; o reforzo da circularidade e da sostibilidade; e o apoio á descarbonización da economía europea e a creación dun



entorno favorable para startups, emprendedores e novos modelos de negocio.

Fonte: fruittoday.com
Imaxe: Freepik

Récord de consumo téxtil na Unión Europea

O consumo de roupa, calzado e outros produtos téxtiles segue medrando en Europa. Segundo o informe da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA), "Circularidade da cadea de valor téxtil da UE en cifras", a cidadanía europea pasou de consumir unha media de 17 kg por persoa en 2019 a 19 kg en 2022, marcando así un novo récord.

O informe tamén alerta sobre o forte impacto ambiental e climático asociado ao modelo actual de produción e consumo téxtil. De feito, entre as doce principais categorías de consumo dos fogares europeos, a téxtil sitúase xa no quinto lugar en termos de presións ambientais e climáticas.

Ante esta realidade, a Unión Europea aposta por un cambio de rumbo para promover un deseño e unha produción máis sostibles e circulares, que permitan alongar a vida útil das pezas, reducir residuos



e minimizar a pegada ambiental dun dos sectores máis intensivos en recursos.

Fonte: AEMA
Imaxe: Freepik

Curiosidades

España acadou o seu déficit ecolóxico o pasado 23 de maio

Segundo os datos da organización Global Footprint Network, España esgotou o pasado 23 de maio todos os recursos naturais que pode rexenerar ao longo dun ano. Isto significa que, a partir dende esa data, o país comeza a vivir a crédito ambiental.

Dentro da Unión Europea, o país que máis axiña entra en déficit ecolóxico é Luxemburgo, que consumiu o seu "saldo natural" en febreiro, sendo o segundo territorio máis derrochador do planeta, só superado por Catar, que o acadou o 17 de febreiro. En comparación, España está entre os que esgotan antes os seus recursos, e só tres países europeos o fan máis tarde: Grecia (25 de maio), Romanía (31 de maio) e Hungría (2 de xuño). As cifras indican que, se toda a humanidade consumise recursos ao ritmo que o fai España, farían falta 2,6 planetas como a Terra para sostelo.



Fonte: Gestores de Residuos
Imaxe: Freepik

A Axencia Europea de Medio Ambiente propón máis medidas para reducir o desperdicio alimentario

O desperdicio de alimentos continúa sendo unha materia pendente na Unión Europea. Segundo un informe recente da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA), cada cidadán xerou de media en 2022 uns 132 quilos de desperdicio alimentario. Un volume que, ademais de supoer un grave impacto ambiental, tamén implica un alto custo económico.

A pesar das medidas adoptadas polos Estados membros nos últimos anos, a AEMA advirte de que o uso de instrumentos máis ambiciosos, como normativas específicas ou incentivos económicos, segue a ser escaso. Co obxectivo de revertir esta situación, Bruxelas estuda establecer dúas metas obrigatorias para 2030: reducir nun 10 % o desperdicio nas fases de procesamento e fabricación, e lograr unha caída do 30 % per cápita na venda minorista e no consumo doméstico. O informe tamén subliña a necesidade de integrar a loita contra



o desperdicio nas políticas climáticas e de biodiversidade. Segundo a AEMA, evitar que a comida acabe no lixo podería contribuír de maneira significativa a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e o uso de recursos naturais como a terra, a auga ou os materiais empregados na produción.

Outra das recomendacións

destacadas é seguir a chamada "xerarquía do uso dos alimentos", unha escala que prioriza a doazón ou o aproveitamento como alimento para animais fronte a outras opcións menos eficientes como a reciclaxe.

Fonte e imaxe: AEMA



Curiosidades

A reciclaxe de envases de aceiro alcanza unha taxa do 82% en Europa

Segundo os últimos datos facilitados pola organización Steel for Packaging Europe, no ano 2023 reciclouse o 82 % dos envases deste material comercializados na Unión Europea. Trátase da cifra máis alta rexistrada ata o momento, cun incremento de dous puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

O aceiro consolídase así como o material de envasado máis reciclado en Europa, superando amplamente outros formatos como o plástico ou o aluminio. Ademais, cumpre cos requisitos máis esixentes de reciclabilidade fixados polo novo Regulamento europeo sobre envases e residuos de envases.



Desde o sector, valoran positivamente esta tendencia. A elevada taxa de reciclaxe non só evidencia unha mellora na xestión

de residuos, senón que reforza o papel clave que desempeña a chatarra de aceiro na produción sostible.

Fonte: Packnode
Imaxe: Freepik

España avanza en economía circular, pero retrocede en reciclaxe

Segundo o último informe do Observatorio da Economía Circular, impulsado pola Fundación Fórum Ambiental, España avanza cara unha economía máis circular pero retrocede en materia de reciclaxe. Entre os avances máis significativos, o informe subliña a redución do desperdicio alimentario e o impulso á produción de biometano como fontes renovables. En concreto, España posicionouse como o país da Unión Europea con menor desperdicio alimentario per cápita: 65 quilos por persoa en 2022, unha cifra que reflicta unha mellora progresiva na concienciación cidadá e na xestión ao longo da cadea alimentaria.

O boletín tamén alerta dun retroceso na taxa de reciclaxe de residuos municipais, que caeu ao 41 % en



2023. A este dato hai que sumarlle un aumento na xeración global de lixo, que pon en evidencia a necesidade de reforzar a prevención en orixe, mellorar os sistemas

de recollida e fomentar unha colaboración máis estreita entre administracións públicas, sector privado e cidadanía.

Fonte: Fórum Ambiental
Imaxe: Freepik

🔄 [Volver á portada](#)

30



Curiosidades

Campaña internacional contra os filtros de plástico dos cigarros

A campaña internacional No Plastic Filter súmase á crecente presión global para prohibir os filtros de plástico dos cigarros, considerados unha das formas máis estendidas de contaminación plástica no planeta. A iniciativa, promovida pola ONG holandesa Fari Resource Foundation, conta con apoio internacional e reclama accións políticas urxentes en todo o mundo. Segundo os impulsores da campaña, a inmensa maioría dos filtros utilizados nos cigarros están feitos de acetato de celulosa, un tipo de plástico que, ao ser refugado, fragmentase en microplásticos e libera substancias tóxicas no medio, como pesticidas, metais pesados ou arsénico. A súa presenza nas rúas, praias e ecosistemas acuáticos é constante e preocupante.



A Organización Mundial da Saúde (OMS) apoia esta postura. Nun recente informe, cualifica os filtros como un plástico "problemático e evitable" e insta os gobernos a prohibilos, sinalando que non achegan beneficios para a saúde e si agravan a crise ambiental. Desde No Plastic Filter

<https://noplasticfilter.org/>, apuntan que os filtros, lonxe de reducir os riscos do tabaco, crean unha falsa sensación de seguridade e dificultan os esforzos para reducir o consumo. A campaña chama á acción tanto aos responsables políticos como á cidadanía para erradicar este residuo.

Fonte: Residuos Profesional
Imaxe: Freepik

A reciclaxe de medicamentos aumenta máis dun 4% en España

Segundo o informe anual de actividade presentado por SIGRE, a entidade que coordina a xestión responsable de medicamentos, a recollida destes residuos aumentou un 4,3 % respecto ao ano anterior. Durante 2023, cada cidadán depositou de media 105,6 gramos de medicamentos caducados ou non utilizados nos máis de 22.150 Puntos SIGRE repartidos por farmacias de todo o país. Un dato que manifesta unha maior concienciación cidadá sobre a importancia de tratar estes restos de forma segura e sostible. O informe tamén destaca que tres de cada catro fogares españois xa reciclan medicamentos de maneira habitual. Esta práctica non só evita riscos sanitarios derivados do uso indebido de medicamentos esquecidos no botiquín, senón que tamén contribúe a protexer o medio ambiente, evitando a contaminación de ríos, solos e acuíferos que se



produce cando os fármacos se tiran ao lixo común ou polo desaugadoiro. Desde SIGRE sinalan que estes avances son resultado tanto da colaboración cidadá como do compromiso do sector farmacéutico, que segue apostando

por un modelo de economía circular e responsabilidade ambiental.

Fonte e imaxe: SIGRE

🔍 [Volver á portada](#)



Curiosidades

Alianza europea para incrementar a reciclaxe de colchóns

A Federación Europea de Asociacións de Xestión de Residuos (FEAD) vén de poñer en marcha [Sleep Circular](#), unha iniciativa que busca elevar a taxa de reciclaxe de colchóns ao final da súa vida útil, pasando do 20 % actual a un 80 %. O proxecto busca artellar unha alianza estratéxica que implique a toda a cadea de valor: desde fabricantes e distribuidores ata xestores de residuos e administracións locais. O obxectivo é reducir a vertedura masiva de colchóns e darlles unha segunda vida como novos recursos dentro dun modelo de economía circular. A posta en marcha de Sleep Circular coincide co impulso



institucional dado pola Comisión Europea, que recentemente aprobou o primeiro plan de traballo do Regulamento de Ecodeseño para Produtos Sostibles

(ESPR). Neste documento, os mobles, incluíndo expresamente os colchóns, foron identificados como un sector prioritario para aplicar novos criterios de deseño sostible.

Fonte: Retema
Imaxe: Freepik

A Unión Europea investiu 76.000 millóns de euros en protección ambiental en 2024

Os Estados membros da Unión Europea destinaron preto de 76.000 millóns de euros ao financiamento de accións ambientais ao longo de 2024, segundo as últimas estimacións de Eurostat. Boa parte destes fondos canalizáronse cara á xestión de augas residuais e residuos, aínda que tamén se apoiaron proxectos orientados á redución de emisións contaminantes, á protección do solo e á conservación da biodiversidade. Do total investido, case 47.000 millóns de euros (o 61,4 %) foron achegados por empresas privadas, que destinaron estes recursos á adquisición de tecnoloxías e equipos para reducir o impacto ambiental das súas actividades. Entre eles destacan sistemas de control e



redución de emisións á atmosfera ou tratamentos máis eficientes de verteduras industriais. O 38,6 % restante procede das administracións públicas e do

sector non lucrativo, que centraron os seus esforzos en servizos ambientais esenciais e proxectos de interese colectivo.

Fonte e imaxe: Eurostat



Receitario

Fresca e saudable

No verán, o que máis apetece son os alimentos frescos e saudables. A froita adoita ser a gran protagonista desta estación e, se a combinamos con tomate, o resultado pode ser tan sorprendente como delicioso.

Esta receita está extraída do libro "[Sabroso reciclaje](#)", editado polo Penal de Monterroso.

Recomendámosche botarlle un ollo para descubrir como aproveitar eses excedentes que tantas veces non sabemos como empregar.

Anímate a compartir as túas re-creacións culinarias etiquetándonos en [Instagram](#), [Facebook](#), [X](#) e [LinkedIn!](#)

MACEDONIA DE FROITAS E TOMATE



Ingredientes reciclados

- Froitas e tomates pasados



Outros ingredientes

- Azucres



Elaboración:

1. Aproveitaremos aquelas froitas e tomates que quedaron sen consumir e que, moi a miúdo, rematan no contedor.
2. Primeiro, retiramos as partes en mal estado e cortamos en anquiños as zonas que aínda se poden usar.
3. Introducimos todo nun recipiente, engadimos azucres ao gusto e mesturamos ben.
4. E listo! Xa temos unha macedonia diferente, saborosa e feita con aproveitamento.

